

EXPRESIÓN ORAL NA CASA

1. Ruleta de expresión oral.

Picamos na ruleta para ir o enlace, xiramos a ruleta e facemos a actividade que nos toque.



2. Facemos o noso memory

Collemos papel ou cartolina e recortamos unhas tarxetas. Facemos nelas debuxos por duplicado e cando as teñamos preparadas poñémolas boca abaixo e imos buscando as parellas. Con cada parella facemos unha frase.



3. Cadea de palabras

O primeiro xogador di unha palabra e o seguinte debe dicir outra que comece ca última sílaba da palabra escoitada e así sucesivamente.

4. Veo veo de sons

Xogamos ao veo veo buscando palabras que comecen por unha letra ou sílaba determinada.

5. Cancións

Aprendemos novas cancións e cantámolas intentando articular o mellor posible. Cantar é unha boa actividade para traballar a memoria, o ritmo e a articulación.